

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Carmen Acuña do Campo, Manuel Vázquez Fernández, Patricia Vilán Lorenzo, Carmen Gallego Calvar e María Quintas Alvarez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

No Servizo de CardioloXía do Complexo Hospitalario de Pontevedra (CHOP), existe gran malestar polas libranzas dun profesional, xa que non se axustan ás normas que teñen que seguir os demais.

Malestar que chegou ata o punto de denunciar esta situación anómala á Dirección do centro sen que esta corriXira a desigualdade existente.

Esa denuncia so serviu para que o denunciado, aínda por riba, tomara represalias contra os que trasladaron a situación á dirección consentidora.

Segundo parece, esta situación prodúcese para facilitar a actividade privada de dito especialista, o que evidencia unha vez máis que o Sergas segue potenciando e favorecendo a parasitación da sanidade pública por parte da privada, tanto gran escala Povisa e novo hospital pequeno e privado de Vigo como nestes pequenos detalles.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que razóns ten a Dirección para aplicar ese trato desigual e consentir esa situación irregular?
2. Se trata tal vez de pagar favores con ilo?
3. A cantos xefes de servizo se lles permiten situacións parecidas e cantos simultanean a actividade pública coa privada?

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2015

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Manuel Vázquez Fernández
Patricia Vilán Lorenzo
Carmen Gallego Calvar
María Quintas Alvarez

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Acuña do Campo na data 02/02/2015 17:26:38

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Manuel Vázquez Fernández na data 02/02/2015 17:26:43

Patricia Vilán Lorenzo na data 02/02/2015 17:26:48

Carmen Gallego Calvar na data 02/02/2015 17:26:55

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 02/02/2015 17:27:01